DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E SEIS**

**Presidenta:**
Dª. María del Carmen López Moreno

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Miguel Fernández Méndez
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
Dª. Iria Castro Fernández

**Secretario:**
Dª. Leticia Rodríguez Díaz

**Interventora:**
Dª. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de agosto de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria substituta a Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos Dª. Leticia Rodríguez Díaz, e asiste como Interventora Dª. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o Sres. Deputados: D. Pablo Rivera Capón e D. Xosé María Arias Fernández.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 1/92 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de agosto de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN CARRETERAS PROVINCIAIS, LOTE 20: TABOADA E O SAVIÑAO.**

En relación a este punto da Orde do Día a Presidenta propón deixar o asunto sobre a mesa á espera de dispoñer de novos informes e documentación.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.**

***Proposta de aprobación, se procede, en relación coa corrección de erro na aprobación da modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025 do Concello de QUIROGA***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"Visto o expediente en relación coa modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025 do Concello de QUIROGA e advertido un erro no informe, na proposta relativa á aprobación deste e por conseguinte na aprobación do mesmo, dende o Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

PRIMEIRO.- Polo Concello de QUIROGA achegouse solicitude de modificado dos proxectos dos investimentos 236 e 237 do Plan Deputación 2025 a través de escrito con RE nº 2026RT014706 e 2026RT015094 de data 10/07/2026 e 20/07/2026

SEGUNDO.- Polo Servizo de Contratación emitiuse informe relativo ao asunto indicado, incluíndose o seguinte recado coas denominacións, nº e importes das achegas e totais:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 236 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN QUIROGA, OUTEIRO, VILARBACÚ, CAMPODOVAL, CAMPOS DE VILA, BARXA E O PRADO | 0,00 € | 48.183,37 € | 48.183,37 € |
| | 237 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS EN XESTOSO, LAMAS DE LOR, SANTA CUBICIA, A TOCA, A RIBEIRA E QUIROGA | 13.368,90€ | 29.763,19€ | 43.132,09€ |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 2/92 |

TERCEIRO.- Pola Xunta de Goberno de data 24/07/2026 logo da correspondente fiscalización pola Intervención, aprobouse a indicada modificación de acordo ao recadro precedente.

CUARTO.- Revisado o expediente, unha vez detectado erro no sentido que na denominación do proxecto modificado solicitado polo Concello non figuran algúns lugares que si se tiveron en conta na denominación, concretamente "A TOCA, A RIBEIRA", polo que procede a rectificación do erro a fin de reproducir a solicitude do Concello.

QUINTO.- No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derrogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

SEXTO.- En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentencia do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: "los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.
Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa"
A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que "Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina "errores obstativos", que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 3/92 |

de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (in re, in persona, in causa) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado"
Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao momento de transcribir a denominación do proxecto.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro, do xeito que na documentación relativa á aprobación do modificado do proxecto incluído no Plan Deputación 2025,

onde se indica:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 236 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN QUIROGA, OUTEIRO, VILARBACÚ, CAMPODOVAL, CAMPOS DE VILA, BARXA E O PRADO | 0,00 € | 48.183,37 € | 48.183,37 € |
| | 237 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS EN XESTOSO, LAMAS DE LOR, SANTA CUBICIA, A TOCA, A RIBEIRA E QUIROGA | 13.368,90€ | 29.763,19€ | 43.132,09€ |

debería dicirse:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 236 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN QUIROGA, OUTEIRO, VILARBACÚ, CAMPODOVAL, CAMPOS DE VILA, BARXA E O PRADO | 0,00 € | 48.183,37 € | 48.183,37 € |
| | 237 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS EN XESTOSO, LAMAS DE LOR, SANTA CUBICIA, E QUIROGA | 13.368,90€ | 29.763,19€ | 43.132,09€ |

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a corrección de erro informada, de xeito que




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 4/92 |

onde se indica:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 236 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN QUIROGA, OUTEIRO, VILARBACÚ, CAMPODOVAL, CAMPOS DE VILA, BARXA E O PRADO | 0,00 € | 48.183,37 € | 48.183,37 € |
| | 237 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS EN XESTOSO, LAMAS DE LOR, SANTA CUBICIA, A TOCA, A RIBEIRA E QUIROGA | 13.368,90€ | 29.763,19€ | 43.132,09€ |

debería dicirse:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 236 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN QUIROGA, OUTEIRO, VILARBACÚ, CAMPODOVAL, CAMPOS DE VILA, BARXA E O PRADO | 0,00 € | 48.183,37 € | 48.183,37 € |
| | 237 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS EN XESTOSO, LAMAS DE LOR, SANTA CUBICIA, E QUIROGA | 13.368,90€ | 29.763,19€ | 43.132,09€ |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

***1º.- Proposta de aprobación, se procede, relativa á adenda de modificación cuarta ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o concello de A Fonsagrada para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos).***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación cuarta ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para execución dos fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), que dispón o seguinte:



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 5/92 |

“Antecedentes de feito:

PRIMEIRO.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 10/03/2023, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A FONSAGRADA coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), asinándose o convenio en data 21/04/2023.
Por Resolución da Presidencia de data 19/02/2025, dada conta a Xunta de Goberno o 28/02/2025 aprobouse addenda de modificación.
Por acordo da Xunta de Goberno, de data 04/07/2025 aprobouse a segunda addenda de modificación ao convenio, asinando a mesma o 04/07/2025.
Por acordo da Xunta de Goberno, de data 26/09/2025 aprobouse a terceira addenda de modificación ao convenio, asinando a mesma o 29/09/2025.
O investimento está financiado do seguinte xeito:

| INVESTIMENTO: | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|---|
| URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos) | Anualidade 2023: 250.000,00€<br>Anualidade 2024: 727.262,16€<br>Anualidade 2025: 750.792,77€<br>Anualidade 2026: 727.262,17€ | Anualidade 2023: 67.549,62€<br>Anualidade 2024: 67.549,62€<br>Anualidade 2025: 67.549,63€<br>Anualidade 2026: 67.549,63€ |
| SUBTOTAL | 2.455.317,10€ | 270.198,50€ |
| TOTAL | 2.725.515,60€ | |

O obxecto do convenio fináncíase pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73€, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 113.449,87€ sen prexuízo das posibles modificacións no desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio.

SEGUNDO.- Dende o Concello de A FONSAGRADA, solicitan a modificación do convenio para incluír os novos custos derivados da ampliación da superficie necesaria a expropiar, que supón un incremento de 15.921,99€, dos terreos para o Polígono Industrial, polo que é necesario modificar o contido do convenio inicialmente asinado e/ou anteriores addendas de modificación.

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- Seguen vixentes e son de aplicación os fundamentos expresados no informe relativo á aprobación do indicado convenio, con CSV: IV7BEUAL3JJ3WX6347XC6DZFII

SEGUNDO.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la



| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 6/92 |

finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción".
Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio, precisan que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31/01/2027, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.
En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.
Vixente o convenio, e estando tamén dentro dos prazos establecidos para execución e xustificación das actuacións, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.
Media vontade das partes para a modificación, adecuando o clausulado do convenio aos intereses das partes asinantes, de xeito que o incremento de 15.921,99€, derivado das novas expropiacións de terreos para o Polígono Industrial, sexa financiado pola Deputación Provincial.

TERCEIRO.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, resulta competencia da Xunta de Goberno, atendendo ao importe do convenio.

CONCLUSIÓN

Así pois a proposta de modificación cuarta do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación da modificación do convenio é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 7/92 |

Consta informe de fiscalización do expediente pola Intervención.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** A aprobación da addenda de modificación cuarta ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A FONSAGRADA coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), do seguinte teor:

"Addenda de modificación cuarta ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), aprobado pola Xunta de Goberno en data 07/08/2026

Lugo, data sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona Mª Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Carlos López López, que actúa en nome e representación do concello de A FONSAGRADA, e sé social en Praza do Concello, s/n – 27100- A FONSAGRADA- , de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando dona Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria-Interventora en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-. A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 10/03/2023, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A FONSAGRADA coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 8/92 |

consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), asinándose o convenio en data 21/04/2023.
Por Resolución da Presidencia de data 19/02/2025, dada conta a Xunta de Goberno o 28/02/2025 aprobouse addenda de modificación.
Por acordo da Xunta de Goberno, de data 04/07/2025 aprobouse a segunda addenda de modificación ao convenio, asinando a mesma o 04/07/2025.
Por acordo da Xunta de Goberno, de data 26/09/2025 aprobouse a terceira addenda de modificación ao convenio, asinando a mesma o 29/09/2025.
O investimento esta financiado de seguinte xeito:

| INVESTIMENTO: | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|---|
| URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos) | Anualidade 2023: 250.000,00€<br>Anualidade 2024: 727.262,16€<br>Anualidade 2025: 750.792,77€<br>Anualidade 2026: 727.262,17€ | Anualidade 2023: 67.549,62€<br>Anualidade 2024: 67.549,62€<br>Anualidade 2025: 67.549,63€<br>Anualidade 2026: 67.549,63€ |
| SUBTOTAL | 2.455.317,10€ | 270.198,50€ |
| TOTAL | 2.725.515,60€ | |

O obxecto do convenio está financiado pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73€, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 113.449,87€ sen prexuízo das posibles modificacións no desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio.

TERCEIRO.- Dende o Concello de A FONSAGRADA, solicitan a modificación do convenio para incluír os novos custos derivados da ampliación da superficie necesaria a expropiar, que supón un incremento de 15.921,99€, dos terreos para o Polígono Industrial, polo que é necesario modificar o contido do convenio inicialmente asinado e/ou anteriores addendas de modificación.
Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo subscrito con data 21/04/2023 e addendas que é preciso operar a través dunha cuarta addenda de modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.
Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación do convenio con suxeición as seguintes:
CLÁUSULAS
PRIMEIRA – OBXECTO
Modifícase a cláusula primeira, do convenio de interadministrativo subscrito con data 21/04/2023 e addendas posteriores, que quedará redactado co seguinte teor:
“[.....]
Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 9/92 |

| INVESTIMENTO: | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|---|
| URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos) | Anualidade 2023: 250.000,00€<br>Anualidade 2024: 727.262,16€<br>Anualidade 2025: 750.792,77€<br>Anualidade 2026: 743.184,16€ | Anualidade 2023: 67.549,62€<br>Anualidade 2024: 67.549,62€<br>Anualidade 2025: 67.549,63€<br>Anualidade 2026: 67.549,63€ |
| SUBTOTAL | 2.471.239,09€ | 270.198,50€ |
| TOTAL | 2.741.437,59€ | |

O obxecto do convenio está financiado pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73€, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 129.371,86€ sen prexuízo das posibles modificacións no desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio
(...)
[.....]”
SEGUNDA.- Modifícase a cláusula terceira, do convenio de interadministrativo subscrito con data 21/04/2023 e addendas que quedará redactado co seguinte teor:
“[.....]
1) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 2.471.239,09€ con cargo ao orzamento das anualidades indicadas.
[.....]”.
TERCEIRA.- Modifícase a cláusula cuarta, do convenio de interadministrativo subscrito con data 21/04/2023 e addendas, que quedará redactado co seguinte teor:
“[.....]
O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Deputación de Lugo que se indican:

| Concepto | Importe | Aplicación orzamentaria |
|---|---|---|
| URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA (incluído expropiacións / adquisición de terreos) | Anualidade 2023: 250.000,00€<br>Anualidade 2024: 727.262,16€<br>Anualidade 2025: 750.792,77€<br>Anualidade 2026: 743.184,16 € | 1510.65009 |

(...)
[.....]”.
CUARTA.- OUTRAS CLÁUSULAS
As demais cláusulas do convenio interadministrativo e addendas subscritos, en tanto non queden afectadas por esta modificación cuarta, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo subscrito esta modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe”.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 10/92 |

**2º.-** A aprobación do gasto, en concepto de achega económica por importe de 15.921,99€, importe que supón o incremento de custos de expropiación dos terreos.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.- Proposta de aprobación, do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Arao festival" no Concello de Foz. Ano 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE FOZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "ARAO FESTIVAL" NO CONCELLO DE FOZ. ANO 2026

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/015415) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o Concello de Foz se solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento da execución da actuación que se relaciona a continuación:

| Actuación: "ARAO FESTIVAL" | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| - ACTUACIÓNS:<br>LAUTA<br>MONOLIOUS DOP<br>TAPA D¨ ORELLA<br>XMASEDA<br>D.J. LITAINER<br>EVENTEC | 17.303,00 € |
| - GASTOS PRODUCIÓN | 11.495,00 € |
| CUSTE TOTAL | 28.798,00 € |

por importe total de 28.798,00 € (dos que 18.148,79 € son financiados pola Deputación Provincial de Lugo)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS



| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 11/92 |

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispone que:



| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 12/92 |

"as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os



| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 13/92 |

organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
-Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
-A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
-O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
-Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
-Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
-Réxime de modificación do convenio.
-Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 14/92 |

2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

SEGUNDA. O Municipio de Foz, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (e modificada o 20 de marzo de 2026). O convenio tipo aprobado recolle a concesión dun anticipo do 80% do importe a financiar pola Deputación.

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 15/92 |

QUINTA.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 18.148,79 € na aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE FOZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "ARAO FESTIVAL" NO CONCELLO DE FOZ. ANO 2026 por importe total de 28.798,00 € (dos que 18.148,79 serán asumidos pola Deputación) con CSV IV76YSCOGBO6JHUY7RGSDYJRCA

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 18.148,79 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420 46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***3º.- Proposta de aprobación, do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Adquisición dunha miniescavadora destinada á prevención de incendios forestais" e "Adquisición dun camión de servizos múltiples con sistema portacontenedores tipo multilift" no Concello de Ribas de Sil. Ano 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE
CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE RIBAS DE SIL PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS:"ADQUISICIÓN DUNHA




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 16/92 |

MINIESCAVADORA DESTINADA Á PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS" E "ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES CON SISTEMA PORTACONTENEDORES TIPO MULTILIFT" NO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, ANO 2026

En relación ao asunto de referencia (EXP 2026/PES_03/015058) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o concello de Ribas de Sil solicitase a formalización dun convenio para cooperar no financiamento das seguintes actuacións:

| Actuacións | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| 1. Adquisición dunha miniescavadora destinada á prevención de incendios forestais | 110.000,00 € |
| 2. Adquisición dun camión de servizos múltiples con sistema portacontenedores tipo multilift | 55.000,00 € |

Por importe total de 165.000,00 € (dos que 135.000,00 €) serán financiados pola Deputación Provincial de Lugo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios



| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 17/92 |

da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida pola beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 33/92 |

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.
Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.
O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 34/92 |

orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.
Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.
De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.
Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección:
http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 94.1 | Actividades de organizacións empresariais, profesionais e patronais |
| FINALIDADE | 4 | Outras prestacións económicas |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación. |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | Subvención e entrega dineraria sen contraprestación |

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 35/92 |

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.
A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.
Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.
A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa da anualidade 2027 e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2029, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2028, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
A conta xustificativa da anualidade 2026 debe estar aprobada na data limite do 31 de decembro de 2027, e aboada na data límite do 31 de xaneiro de 2028.
Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.
O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 36/92 |

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.
A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:
1. Comprobar a execución polas beneficiarias das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.
Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.
As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 45.000€ en cada unha das dúas anualidades 2026 e 2027, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da beneficiaria que obra no expediente. O anticipo da anualidade 2027 non poderá ser




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 37/92 |

tramitado ata que a entidade beneficiaria teña presentada e fora aprobada a conta xustificativa correspondente á anualidade previa.
A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.
De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación doutro xeito.
En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarias cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
Para o aboamento do devandito anticipo a beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.
O centro xestor deberá xuntar, á documentación remitida pola beneficiaria, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 13 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***5º.- Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Deputación Provincial de Lugo a favor da "Asoc de empresarios de la 1***




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 38/92 |

***transformación de la madera de Lugo", para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia" na anualidade 2026.***

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asoc de Empresarios de la 1 Transformacion de la Madera de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia" polo importe de 60.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2026.
4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2026 - 2028 (PES), aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 23.01.2026, na liña 4.1.c): Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recolle o obxectivo especifico de "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia".

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 39/92 |

2026, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia". Esta actuación consiste na adquisición, adaptación (camperización e rotulación) dun vehículo tipo furgoneta para a creación dunha aula móbil destinada a achegar a formación ao persoal operario do sector forestal de forma descentralizada e no propio lugar de traballo, favorecendo o acceso á formación, mellorando a cualificación profesional e contribuíndo ao incremento da competitividade das empresas do sector.

As accións formativas incorporarán un módulo transversal sobre boas prácticas para a conservación da rede viaria provincial e incluirán a entrega dun manual de boas prácticas ás persoas participantes. A execución do proxecto comprende, así mesmo, os gastos asociados á adquisición e adecuación do vehículo, ao persoal necesario para o desenvolvemento da actividade formativa e á contratación do seguro obrigatorio do vehículo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte Acordo:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención de carácter excepcional, por importe de 60.000€, a favor da entidade "Asoc de Empresarios de la 1 Transformacion de la Madera de Lugo" para sufragar gastos derivados da actuación "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia", subvención incluída na liña 4.1.c que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

**2º.-** Aprobar o gasto de 60.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.789 do vixente Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2026, a favor da "Asoc de Empresarios de la 1 Transformacion de la Madera de Lugo", para sufragar os gastos derivados da actuación "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia".

**3º.-** Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se recolle a continuación:

CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A FAVOR DA "ASOC DE EMPRESARIOS DE LA 1 TRANSFORMACION DE LA MADERA DE LUGO", CO OBXECTO DE COLABORAR NO




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 40/92 |

FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "PROXECTO FORMATIVO AULA MÓBIL FORESTAL PARA A CAPACITACIÓN PROFESIONAL DE OPERARIOS FORESTAIS NOS MONTES DE GALICIA" NA ANUALIDADE 2026 (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA__________)

En ……………………………

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, María del Carmen Gayoso Montenegro, na súa condición de Presidenta da beneficiaria Asoc de Empresarios de la 1 Transformacion de la madera de Lugo, con NIF G27030915, actuando en nome e representación da citada beneficiaria.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, aprobado pola Xunta de Goberno o 23 de xaneiro de 2026, así como no ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por ese mesmo órgano o 23 de xaneiro de 2026, prevese na Liña 4.1.c – Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para mellorar os indicadores de actividade económica da provincia de Lugo, tales coma reducir a taxa de desemprego, promover actuacións que supoñan un aumento nas taxas de actividade en sectores con alto potencial, fomentar o emprendemento, promover o consumo e a colaboración e cooperación entre os distintos axentes sociais para crear unha provincia forte, estruturada e cohesionada. Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico da mellora da "competitividade empresarial"




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 41/92 |

Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data ........de ..................de .........., aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 60.000€, a favor da beneficiaria, Asoc de Empresarios de la 1 Transformacion de la madera de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto Formativo Aula Móbil Forestal para a Capacitación Profesional de Operarios Forestais nos Montes de Galicia", na anualidade do 2026.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4330.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 60.000€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Proxecto formativo aula móbil forestal para a capacitación profesional de operarios forestais nos montes de Galicia", na anualidade 2026. Esta actuación consiste na adquisición, adaptación (camperización e rotulación) dun vehículo tipo furgoneta para a creación dunha aula móbil destinada a achegar a formación ao persoal operario do sector forestal de forma descentralizada e no propio lugar de traballo, favorecendo o acceso á formación, mellorando a cualificación profesional e contribuíndo ao incremento da competitividade das empresas do sector.
As accións formativas incorporarán un módulo transversal sobre boas prácticas para a conservación da rede viaria provincial e incluirán a entrega dun manual de boas prácticas ás persoas participantes. A execución do proxecto comprende, así mesmo, os gastos asociados á adquisición e adecuación do vehículo, ao persoal necesario para o desenvolvemento da actividade formativa e á contratación do seguro obrigatorio do vehículo.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 42/92 |

Non sendo subvencionables pola Deputación as partidas do orzamento denominadas "Seguro obrigatorio, Impresión material boas prácticas e gastos de persoal".

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 66.832,47€.
A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.
Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 60.000€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia beneficiaria.
O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actuación subvencionada.
En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actuación subvencionada.
Da Beneficiaria:
Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 43/92 |

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
Poderá subcontratar con terceiros ata o 100% do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.
A realización da actuación subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.
En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custe da actuación subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.
No caso de que a actuación concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:
- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.
Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.
Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.
A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.
A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actuación subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:
1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actuación obxecto de contratación.
3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4) Que estean vinculadas coa beneficiaria.
5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.
No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 44/92 |

a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.
A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actuación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.
O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.
A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actuacións (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actuacións deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.
Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.
O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2027.
Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 45/92 |

obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.
Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.
Gastos subvencionables.
Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2026.
Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.
O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.
Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actuación subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente -contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.
Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 46/92 |

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):

• ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actuacións realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

• ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a forma de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

• ANEXO III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu, en galego, na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación subvencionada.

Declaración responsable que no desenvolvemento da actuación non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puideran considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 47/92 |

• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.
• Dúas fotografías do investimento realizado.
• Documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridos para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.
• No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar tanto na escritura coma no rexistro público correspondente, o seguinte:
- Deberá especificarse o outorgamento desta subvención, tomando como referencia o "Manifestan segundo" que aparece neste convenio.
- Deberá indicarse que a beneficiaria destinará os bens ao fin concreto para o que foi concedida esta subvención por un período de cinco anos.
- Tamén deberá indicarse o importe da subvención concedida.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ler 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data ________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Tamén se admitirá que na factura ou documento de valor probatorio equivalente conste forma de pago "en efectivo" ou " pagado en caixa".
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
• Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 48/92 |

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen ive- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen ive- en obras).

• Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Antes de aprobarse a conta xustificativa, a administración concedente efectuará a comprobación "in situ", debendo incorporarse acta favorable sobre o mesmo.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida pola beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 49/92 |

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.
Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.
O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 50/92 |

circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.
Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.
De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.
Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 16 | Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles, cestería e espartería. |
| FINALIDADE | 4 | Outras prestacións económicas |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación. |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | Subvención e entrega dineraria sen contraprestación |

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.
A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España,



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 51/92 |

doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.
Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.
A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.
O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio
O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 52/92 |

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.
A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:
1. Comprobar a execución polas beneficiarias das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.
Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.
As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira.- Bens inventariables.
De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables inscribibles nun rexistro público, seguiranse as seguintes regras:
• A beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de cinco anos. Esta circunstancia deberá facerse constar na escritura, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.
• O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 53/92 |

Non se considerará incumprida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, o cambio de destino, alleamento ou gravame dos bens sexa autorizado pola Deputación de Lugo. Neste suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, en caso de incumprimento da mesma, do reintegro da subvención.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 13 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***6º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Burela, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de "actividades para a mocidade", para o fin común de promover o coñecemento e o exercicio dos dereitos da mocidade, así como de favorecer o desenvolvemento integral dos menores durante o período estival; para o exercicio 2026, a favor do Concello de Burela, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.***

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"Dona María del Carmen López Moreno, en nome e representación do Concello de Burela, con NIF: P2706800F, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 17 de xullo de 2026, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa, coa Deputación Provincial de Lugo, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de "actividades para a mocidade", para o fin común de promover o coñecemento e o exercicio dos dereitos da mocidade, así como de favorecer o desenvolvemento integral dos menores durante o período estival.

No expediente relativo á dita solicitude constan:

• Informe do responsable da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.
• Memoria xustificativa, emitida polo responsable do mesmo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actuación obxecto do convenio e o cumprimento do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
• Borrador do texto do convenio proposto polo responsable da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 54/92 |

• Certificación, emitida dende o Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.
• Informe favorable da responsable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao texto do convenio proposto pola Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización manifestou a súa conformidade en informe do 3 de agosto de 2026.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Burela para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de "actividades para a mocidade", no Concello de Burela, ano 2026; cuxo borrador, con CSV: IV766XCMFFXPZJE5SX6BEJSALY, consta no expediente.

**2º.-** Aprobación do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, a favor do Concello de Burela, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***7º.- Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Taboada, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de actuacións de "mellora e urbanización do Campo da Feira, dos seus accesos e da contorna do antigo matadoiro; e adquisición de dúas parcelas no parque empresarial de Taboada", no Concello de Taboada (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025).***

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I.- O 30 de decembro de 2025 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Taboada o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 55/92 |

Consonte ao establecido na súa cláusula cuarta 4.2.3, o Concello de Taboada comprometeuse a executar as actuacións obxecto do convenio na data límite do 30 de setembro de 2026.

Do mesmo xeito, en aplicación do establecido na cláusula quinta.C), o Concello comprometeuse a aportar unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados en execución do convenio, na data límite do 31 de outubro de 2026.

II.- O 14 de maio de 2026, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito do representante do Concello de Taboada no que, tras facer referencia a unha serie de dificultades e retrasos administrativos na fase de execución, solicitou a súa modificación.

Concretamente, o representante do Concello de Taboada solicita a ampliación do prazo de execución das actuacións previstas no convenio e, así mesmo, que se admita a presentación de contas xustificativas parciais por cada unha das actuacións, unha vez estean executadas e pagadas.

III. Á vista do expediente, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación do convenio, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Do mesmo xeito, á vista do expediente, o Servizo de Fiscalización informouno de conformidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** A modificación cláusula cuarta do convenio de referencia, no que atinxe ao prazo de execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, que pasará do 30 de setembro de 2026 ao 15 de novembro do mesmo ano.

**2º.-** A modificación da letra C da cláusula quinta e a cláusula sétima, para incluír a posibilidade de achegar contas xustificativas parciais, por cada unha das actuacións obxecto do convenio, unha vez estean executadas e pagadas.

**3º.-** Aprobar o texto da addenda do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 56/92 |

"ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA, PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE "MELLORA E URBANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA, DOS SEUS ACCESOS E DA CONTORNA DO ANTIGO MATADOIRO; E ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA" NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025

(APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO DE DE 2026)

(asinado electronicamente na data que consta no pé de páxina)

REUNIDOS

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, deputado provincial, en virtude de Resolución da Presidencia do 31 de xullo de 2026.

E doutra, don José Portela Gómez-Macías, tenente de alcalde do Concello de Taboada, con NIF P2706000C e sede social na Praza General Muinelo, 1, CP 27550, Taboada, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Actúa dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora e xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, en substitución de don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesarias para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- O 30 de decembro de 2025 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Taboada o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.
Consonte ao establecido na súa cláusula cuarta 4.2.3, o Concello de Taboada comprometeuse a executar as actuacións obxecto do convenio na data límite do 30 de setembro de 2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 57/92 |

Do mesmo xeito, en aplicación do establecido na cláusula quinta.C), o Concello comprometeuse a aportar unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados en execución do convenio, na data límite do 31 de outubro de 2026.

Segundo.- O 14 de maio de 2026, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito do representante do Concello de Taboada no que, tras facer referencia a unha serie de dificultades e retrasos administrativos na fase de execución, solicitou a súa modificación.
Concretamente, o representante do Concello de Taboada solicita a ampliación do prazo de execución das actuacións previstas no convenio e, así mesmo, que se admita a presentación de contas xustificativas parciais por cada unha das actuacións, unha vez estean executadas e pagadas.

Terceiro.- Á vista do expediente, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación do convenio, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
Do mesmo xeito, á vista do expediente, o Servizo de Fiscalización informouno favorablemente.
De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- A Cláusula cuarta.- Obrigas e compromisos das partes, queda redactada do seguinte xeito:
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.
Non obstante, no caso das actuacións consistentes en obras, as ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Taboada:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Taboada, comprométese ao seguinte:




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 58/92 |

1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 15 de novembro de 2026.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras).

Segunda.- A Cláusula quinta.- Réxime económico modifícase co seguinte teor:
A)ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 318.131,15 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Taboada financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
B)TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:
O resultado da cooperación será do Concello de Taboada.
C)XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Taboada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 59/92 |

O Concello poderá presentar contas xustificativas parciais, por cada unha das actuacións obxecto do convenio, unha vez estean executadas e pagadas, respectando, en todo caso, o prazo establecido no parágrafo anterior.
As contas xustificativas a aportar deberán ter o seguinte contido:
- Memoria de actuación/s realizada/s.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da/s actuación/s obxecto deste convenio que se xustifica/n, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total de dita/s actuación/s e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da/s actuación/s atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a/s actuación/s foi/foron realizada/s na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a/s mesma/s actuación/s contemplada/s neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a/s mesma/s actuación/s contemplada/s neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da/s actuación/s obxecto de xustificación se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
- No caso das actuacións consistentes en obras, resolución ou acordo de adxudicación.
- No caso das actuacións consistentes na adquisición de solares, inmobles e parcelas, escritura pública.
- Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
-Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o Concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 60/92 |

4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministracións e servizos).
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobadas as contas xustificativas parciais polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento das cantidades que resulten fiscalizadas favorablemente, cuxos abonos teñen o concepto de pagos a conta da achega económica comprometida pola Deputación.
No suposto de que unha ou máis contas xustificativas parciais reflictan custos superiores aos establecidos na cláusula primeira para cada actuación, esta/s poderá/n ser aprobada/s na súa integridade.
Porén, os importes a aboar non poderán superar os custos por actuación establecidos na dita cláusula primeira.
Todo elo sen prexuízo de que, coa última conta xustificativa, poida levarse a cabo unha regularización dos importes aboados, en aplicación da compensación á que se refire a devandita cláusula primeira.

Terceira.- A cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo, queda redactada do seguinte xeito:
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación de todas as contas xustificativas e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027, debendo estar aprobada as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarta.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 6 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe".




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 61/92 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***8º.- Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "renovación de cuberta no edificio multiusos (antiga Praza de Abastos)", no Concello de Burela.***

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 21 de novembro de 2025, a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "renovación de cuberta no edificio multiusos (antiga Praza de Abastos)", no Concello de Burela, que foi asinado polas partes o día 25 do mesmo mes.

O 3 de xullo de 2026, ao abeiro do disposto na cláusula oitava do citado convenio, a representante do Concello de Burela presentou, no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar os prazos de execución e xustificación das actuacións que constitúen o seu obxecto.

En relación con esta solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, por aplicación do establecido na cláusula oitava do convenio; establecendo que os prazos de execución e xustificación pasan do 30 de setembro e 31 de outubro de 2026 ao 30 de novembro e 11 de decembro de 2026, respectivamente.

A dita modificación, segundo o dito informe, levaríase a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 62/92 |

**1º.-** A modificación da cláusula cuarta do convenio de referencia, no que atinxe ao prazo de execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, que pasará do 30 de setembro de 2026 ao 30 de novembro do mesmo ano.

**2º.-** A modificación da letra C da cláusula quinta, para establecer un novo prazo de xustificación, que pasa do 31 de outubro ao 11 de decembro, ambos do ano 2026.

**3º.-** Aprobar o texto da addenda cuxo borrador figura no expediente.

"ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN Da ACTUACIÓN "RENOVACIÓN DE CUBERTA NO EDIFICIO MULTIUSOS (ANTIGA PRAZA DE ABASTOS)" NO CONCELLO DE BURELA, ANO 2025

APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO DE DE 2026

REUNIDOS

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, deputado provincial, en virtude de Resolución da Presidencia do 31 de xullo de 2026.

E doutra, dona María del Carmen López Moreno, Alcaldesa do Concello de Burela, con N.I.F P2706800F e sede social na rúa Eijo Garay, 20, CP 27880, Burela, actuando en nome e representación da citada entidade, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 78/92 |

Respecto a cales son os actos que poñen fin á vía administrativa, o artigo 114 da citada dispón:
"Ponen fin a la vía administrativa:
a) Las resoluciones de los recursos de alzada.
b) Las resoluciones de los procedimientos a que se refiere el artículo 112.2.
c) Las resoluciones de los órganos administrativos que carezcan de superior jerárquico, salvo que una Ley establezca lo contrario.
d) Los acuerdos, pactos, convenios o contratos que tengan la consideración de finalizadores del procedimiento.
e) La resolución administrativa de los procedimientos de responsabilidad patrimonial, cualquiera que fuese el tipo de relación, pública o privada, de que derive.
f) La resolución de los procedimientos complementarios en materia sancionadora a los que se refiere el artículo 90.4.
g) Las demás resoluciones de órganos administrativos cuando una disposición legal o reglamentaria así lo establezca".
Asemade, o artigo 52.2 da lei 7/1985, de 2 de abril pola que se aproba a lei de bases do réxime local establece que:
"Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:
a) Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2.
b) Las de autoridades y órganos inferiores en los casos que resuelvan por delegación del Alcalde, del Presidente o de otro órgano cuyas resoluciones pongan fin a la vía administrativa.
c) Las de cualquier otra autoridad u órgano cuando así lo establezca una disposición legal".
En virtude do exposto, o acordó da Xunta de Goberno do 29.06.2026 pon fin ao procedemento administrativo sendo procedente frente o mesma o recurso de reposición.

SEGUNDA. En canto ao contido do recurso de reposición según o artigo 115.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública:
"La interposición del recurso deberá expresar:
a) El nombre y apellidos del recurrente, así como la identificación personal del mismo.
b) El acto que se recurre y la razón de su impugnación.
c) Lugar, fecha, firma del recurrente, identificación del medio y, en su caso, del lugar que se señale a efectos de notificaciones.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 79/92 |

d) Órgano, centro o unidad administrativa al que se dirige y su correspondiente código de identificación.
e) Las demás particularidades exigidas, en su caso, por las disposiciones específicas".
O contido do recurso de reposición presentado por Jorge Da Cunha López é conforme á dereito

TERCEIRO Polo que respecta ás causas de inadmisión, dacordo có artigo 116 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública:
"Serán causas de inadmisión las siguientes:
a) Ser incompetente el órgano administrativo, cuando el competente perteneciera a otra Administración Pública. El recurso deberá remitirse al órgano competente, de acuerdo con lo establecido en el artículo 14.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público.
b) Carecer de legitimación el recurrente.
c) Tratarse de un acto no susceptible de recurso.
d) Haber transcurrido el plazo para la interposición del recurso.
e) Carecer el recurso manifiestamente de fundamento"
No recurso de reposición interposto por Jorge Da Cunha López o 1.07.2026 non concorre ningunha das causas de inadmisión reguladas no artigo antes citado.

CUARTO.FUNDAMENTOS DE DEREITO
Primeiro.- Nas bases específicas para elaboración dunha listaxe de emprego de técnico/a superior informática FP , para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo. (BOP 24 do 2.06.2026) ,no seu punto cuarto recóllese o seguinte:
"Ademais dos requisitos sinalados na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

| TITULACIÓNS ACADÉMICAS |
|---|
| -TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS DA LOE :<br>Técnico/a Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede;<br>Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma;<br>Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.<br>-TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE INFORMÁTICA DA LOGSE :<br>Técnico/a Superior en Administración de Sistemas Informáticos;<br>Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas.<br>-TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA DA LOE OU LOGSE:<br>Técnico/a superior en Sistemas de telecomunicacións e informáticos. |

Conforme o artigo 76 do RDL 5/2015, do 30 de outubro , polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público para acceder ao grupo B esixirase estar en posesión do Título de Técnico Superior e no caso do grupo C1 estarase na posesión do título de Bachiller ou Técnico.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 80/92 |

Do anterior dedúcese que non pode equipararse o título de técnico superior co de bachiller porque a propia lexislación establece que un e outro son diferentes. Debe terse en conta que as leis de educación van cambiando os contidos e relevancia destes estudos continuamente, e non cambiaron a súa denominación.

A mutación nas titulacións que ten lugar en España, tanto no eido universitario (como consecuencia da Declaración de Boloña do 19 de xuño de 1999) como no eido non universitario ( que deriva da LO 2/2006, de 3 de maio de Educación) da lugar a que según a súa disposición adicional 31 da LOE exista unha equivalencia absoluta tanto a efectos profesionais como académicos do título de formación profesional de segundo grado ou técnico especialista da Lei 14/1970 , que desaparece co título de técnico superior.

A evolución normativa da Formación Profesional non supuxo a perda de eficacia dos títulos expedidos ao abeiro da anterior ordenación educativa. Moi ao contrario, o lexislador estableceu expresamente un sistema de equivalencias destinado a garantir a continuidade dos dereitos académicos e profesionais das persoas tituladas conforme ás sucesivas reformas educativas.

Así, a Disposición adicional trixésimo primeira da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, dispón expresamente que:

"El título de Técnico Especialista de la Ley 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa tendrá los mismos efectos académicos y profesionales que el nuevo título de "Técnico Superior en la correspondiente especialidad".

No caso do Grupo B , para o acceso a este Grupo, como xa se adiantou requírese conforme o artigo 76 do TREBEP estar en posesión do Título de Técnico Superior. Este título obtense dacordo co artigo 44.2 da LOE, tras a superación das ensinanzas de formación profesional de grado superior, sendo unha formacións de carácter especializados que capacita para o desempeño cualificado de diversas profesións.

O título de Técnico Especialista da Lei 14/1970, do 4 de agosto , xeral de educación e financiamento da Reforma Educativa , ten os mesmos efectos académicos e profesionais que o título de Técnico Superior na correspondente especialidade, de acordo coa disposición adicional trixésimo primeira da LOE.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, continúa recoñecendo plena eficacia ás equivalencias establecidas pola normativa anterior, configurándoas como auténticas




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 81/92 |

equivalencias académicas e profesionais que producen todos os efectos previstos polo ordenamento.

Nas convocatorias de acceso a Corpos ou Escalas que se creen no Grupo B, as titulacións esixibles serán as de Técnico Superior e Técnico Especialista, e dado o carácter especializado de esta formación tamén se indicará a especialidade ou especialidades que se esixen, dacordo coas funcións ou tarefas a desempeñar no respectivo Corpo ou Escala, tendo en conta o catálogo de Título de Formación Profesional do Sistema Educativo.

A maior abastanza o recorrente presenta documento expedido pola Subdirección Xeral de Ordenación da Formación Profesional do Ministerio de Educación, órgano competente en materia de ordenación das titulacións oficiais de Formación Profesional, na que se indica expresamente que o título de Técnico Especialista en Equipos Informáticos ten os mesmos efectos académicos e profesionais que o título de Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos.
As bases dunha convocatoria constitúen, certamente, a lei do proceso selectivo e vinculan tanto á Administración convocante como ao órgano de selección e ás persoas aspirantes.

Porén, este principio non pode entenderse illadamente nin utilizarse para xustificar unha interpretación que conduza a resultados contrarios ao ordenamento xurídico.

A forza vinculante das bases opera sempre dentro do marco da legalidade.
As bases deben respectar a Constitución, o Estatuto Básico do Empregado Público, a lexislación autonómica de emprego público e o resto do ordenamento, sen que poidan introducir restricións ou limitacións que contradigan disposicións legais de rango superior.

No presente caso, a Base impugnada limita o requisito de titulación á denominación dun determinado título de Técnico Superior, omitindo calquera referencia ás titulacións que a propia normativa estatal declara equivalentes.

Se o ordenamento declara que dúas titulacións producen exactamente os mesmos efectos académicos e profesionais, ambas acreditan idéntica capacitación para o desempeño das funcións correspondentes, carecendo de xustificación establecer unha diferenza de trato entre persoas que posúen títulos que o propio lexislador considera equivalentes.

CONCLUSIÓNS

Procede estimar o recurso interposto por Jorge Da Cunha López no que respecta a que a base específica reguladora do requisito de titulación debe adaptarse ao réxime de equivalencias establecido pola normativa estatal reguladora da Formación Profesional"




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 82/92 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

5. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

**1º.-** Estimar o recurso interposto por Jorge Da Cunha López para que se inclúa dentro das Bases específicas para elaboración dunha listaxe de emprego de técnico/a superior informática FP outras titulacións declaradas equivalentes pola normativa estatal vixente respecto das esixidas inicialmente.

**2º.-** Modificar a base específica 4 que rexerá o proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal conforme o seguinte:

| TITULACIÓNS ACADÉMICAS |
|---|
| -TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS DA LOE O EQUIVALENTE<br>Técnico/a Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede;<br>Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma;<br>Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.<br>-TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE INFORMÁTICA DA LOGSE O EQUIVALENTE<br>Técnico/a Superior en Administración de Sistemas Informáticos;<br>Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas.<br>-TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA DA LOE OU LOGSE O EQUIVALENTE<br>Técnico/a superior en Sistemas de telecomunicacións e informáticos. |

**3º.-** Ordenar a publicación desta modificación da Bases Específicas no Bop, así coma no taboleiro de edictos do Pazo Provincial na páxina web corporativa, para xeral coñecemento.

**4º.-** Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, reiniciando o cómputo do mesmo con efectividade do día seguinte ao de publicación do anuncio desta ampliación das titulacións de acceso ao proceso selectivo, para garantir o dereito de participación de aquelas persoas coas titulacións de técnicos especialistas equivalentes as esixidas na convocatoria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE PRÓRROGA DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR COIDADO DE FAMILIAR, DUN TRABALLADOR, PERSOAL LABORAL FIXO.**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 83/92 |

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que Don Emilio Pirón García, Operario Servizos Multiples, persoal laboral fixo, pertencente ao servizo de audiovisuais, en escrito de data 28 de xullo de 2026, solicita prórroga da excedencia, por coidado de familiar en primeiro grao de afinidade,(sogra),xa que continúan as mesmas circunstancias que deron lugar a dita excedencia.

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de agosto de 2024 e a solicitude do interesado declarouse a Don Emilio Pirón García en situación de excedencia por coidado dun familiar, polo período dun ano, dende o 7 de agosto de 2024 ata o 6 de agosto de 2025. En data 18 de xullo de 2025 por Acordo da Xunta de Goberno e a solicitude do interesado, declarouse a prórroga da situación de excedencia por coidado dun familiar, dende o 7 de agosto ata o 6 de agosto de 2026.

Tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, que sinala textualemente:
"2. Lexislación Aplicable
-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
-Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo Único da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP do xoves 30 de agosto de 1990.
1. O artigo 23 do Convenio Colectivo Único da Deputación Provincial de Lugo establece que:
"En relación coas situacións do persoal laboral desta Deputación provincial estarase ao disposto no art. 29 da Lei 30/84 do 2 de agosto, na Lei 4/88 de 26 de Maio do F. P. G, no art. 140 do R. D. 730/86 do 11 de abril ao que remite o art. 140 do R.D.L. 781/86 do 18 de abril, sen prexuízo do sinalado no E.T. sobre estes extremos e resulte máis beneficioso para o traballador.
Estas situacións son:
a) Servizo activo
b) Servizo en Comunidades Autónomas
c) Excedencia forzosa ou voluntaria
d) Servizos especiais
e) Suspensión
f) Extinción do contrato"
Segundo o recollido neste artigo prodúcese polo tanto a asimilación, a efectos de situacións administrativas, ao persoal laboral da Entidade "sin perjuicio de lo




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 84/92 |

señalado en el E.T. sobre estos extremos y resulte más beneficioso para el trabajador”. co persoal funcionario da mesma, aplicándose ao persoal laboral o recollido nas normas mencionadas no artigo 23 do convenio colectivo.

2. O artigo 140.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece as situacións administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:

“1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:

a) Servizo activo.
b) Servizo en Comunidades Autónomas.
c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
d) Servizos especiais.
e) Suspensión”.

O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:

“As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en canta as peculiaridades do réxime local".

3. O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).

Neste senso, o artigo 85 recolle as situacións administrativas dos funcionarios de carreira, sendo as seguintes:

1. Los funcionarios de carrera se hallarán en alguna de las siguientes situaciones:

a) Servicio activo.
b) Servicios especiales.
c) Servicio en otras Administraciones Públicas.
d) Excedencia.
e) Suspensión de funciones.

4.- No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situacións que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 85/92 |

Concretamente o artigo 176 recolle o seguinte:
"1. O persoal funcionario de carreira ten dereito a un período de excedencia por coidado de familiares de duración non superior a tres anos, sen que sexa esixible o requisito de prestar un tempo mínimo de servizos previos, nos seguintes casos:
a) Para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, a contar desde a data de nacemento ou, no seu caso, da efectividade da resolución xudicial ou administrativa.
b) Para atender ao coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse en por si e non desempeñe actividade retribuída.
2. Pode facerse uso de forma fraccionada do período da excedencia regulada neste artigo.
3. O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período da mesma poñerá fin, no seu caso, ao que viñese gozando.
4. No caso de que dúas persoas xerasen o dereito á excedencia regulada neste artigo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.
5. Durante o período de excedencia, o desempeño de actividades retribuídas está suxeito a autorización previa conforme ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades.
6. O tempo de permanencia na situación regulada neste artigo compútase a efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa de aplicación, reservándose o posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo. Se se ocupase un posto de traballo con carácter provisional, a reserva manterase mentres o posto non se cubra polos procedementos previstos nesta lei.
7. O persoal funcionario que se atope na situación regulada neste artigo pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración.
8. O persoal funcionario interino ten dereito á excedencia regulada neste artigo, aínda que a reserva do posto de traballo manterase unicamente mentres non concorra ningunha das causas de cesamento previstas para esta clase de persoal na presente lei.
9. No caso de goce desta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia".
5.- O Artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores recolle especificamente este tipo de excedencia sen embargo dado que a regulación prevista no artigo 176 resulta máis beneficiosa para o traballador e dado a existencia do CCV da Deputación esta resulta plenamente aplicable tal como se indicou no punto 1 das consideracións xurídicas".

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 86/92 |

7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), ACORDE:

Declarar a prórroga da situación administrativa de excedencia por coidado dun familiar a Don Emilio Pirón García, dende o día 7 de agosto de 2026, polo período dun ano máis, é dicir, dende o 7 de agosto de 2026 ata o 6 de agosto de 2027.

A reserva de posto quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente mentres non concorra ningunha das causas de cesamento previstas na citada lei.

O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no Réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE CONTINUACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS, DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"O traballador Don D. José Manuel Blanco Vila viña prestando servizos como Técnico Cámara Reporteiro do Cadro de Persoal Laboral Fixo desta Deputación Provincial de Lugo fixo dende o día 01/01/2019.

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2023 acordou declarar ao funcionario provincial, Don José Mnauel Blanco Vila, en situación administrativa de servizos especiais , conforme ao establecido na normativa vixente, e con data de efectividade do día 4.10.2023.

Visto que con data 1 de xullo de 2026, tivo entrada a través da Oficina de Rexistro Xeral Telemático da Deputación Provincial de Lugo (n.º 2026RPE010929) escrito de José Manuel Blanco Vila, en situación administrativa de servicios especiais no solicita que se lle declare en situación admistrativa de servicios especiais no Concello de Lugo, ao ser nomeado como persoal eventual , ocupando un posto de Colaborador de Asesor da Alcaldía con efectos do 1.07.2026




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 87/92 |

Tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos do 3.08.2026 e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

"II. NORMATIVA DE APLICACIÓN
Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
-Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo Único da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP do xoves 30 de agosto de 1990.

3.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS
1. O artigo 23 do Convenio Colectivo Único da Deputación Provincial de Lugo establece que:
"En relación coas situacións do persoal laboral desta Deputación provincial estarase ao disposto no art. 29 da Lei 30/84 do 2 de agosto, na Lei 4/88 de 26 de Mayo do F. P. G, no art. 140 do R. D. 730/86 do 11 de abril ao que remite o art. 140 do R.D.L. 781/86 do 18 de abril, sen prexuízo do sinalado no E.T. sobre estes extremos e resulte máis beneficioso para o traballador.
Estas situacións son:
a) Servizo activo
b) Servizo en Conunidades Autónomas
c) Excedencia forzosa ou voluntaria
d) Servizos especiais
e) Suspensión
f) Extinción do contrato"
Segundo o recollido neste artigo prodúcese polo tanto a asimilación, a efectos de situacións administrativas, ao persoal laboral da Entidade "sin perjuicio de lo señalado en el E.T. sobre estos extremos y resulte más beneficioso para el trabajador". co persoal funcionario da mesma, aplicándose ao persoal laboral o recollido nas normas mencionadas no artigo 23 do convenio colectivo.
2 º.-O artigo 140.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece as situación administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:
"1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:
a) Servizo activo.
b) Servizo en Comunidades Autónomas.
c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
d) Servizos especiais.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 88/92 |

e) Suspensión".
O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:
"As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en canta as peculiaridades do réxime local".
3º.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).
4°.- O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:
"Para declarar o pase á situación de servizos especiais no suposto do apartado j) do artigo 29.2 da Lei 30/1984 será necesario ser nomeado para o desempeño no sector público dun cargo de carácter político, entendendo por tal o cargo de confianza que non implique unha relación profesional de carácter permanente, do que se derive incompatibilidade para exercer a función pública e que, conforme aos criterios que estableza o Ministerio para as Administracións Públicas, conleve responsabilidades directivas ou asesoramento a nivel político".
5º.- No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situación que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.
Concretamente no artigo 167 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:
"O persoal funcionario de carreira será declarado en situación de servizos especiais:
a) Cando adquira a condición de persoal funcionario ao servizo de organizacións internacionais.
b) Cando sexa autorizado para realizar unha misión por período determinado superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
c) Cando sexa designado membro do Goberno, do Consello da Xunta ou dos órganos de goberno das demais comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 89/92 |

membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, ou sexa nomeado alto cargo das citadas administracións públicas ou institucións.
d) Cando sexa nomeado para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos ou entidades dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a respectiva Administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos.
e) Cando acceda á condición de deputado ou senador das Cortes Xerais, deputado do Parlamento de Galicia ou membro das asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas, se percibe retribucións periódicas pola realización da función. Aquelas persoas que perdan dita condición por disolución das correspondentes cámaras ou finalización do mandato das mesmas poderán permanecer na situación de servizos especiais até a súa nova constitución.
Nos casos previstos nesta letra, cando non se perciban retribucións periódicas poderá optarse entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuízo da normativa sobre incompatibilidades aplicable aos deputados e senadores das Cortes Xerais, deputados do Parlamento de Galicia e membros das asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas.
f) Cando desempeñe cargos electivos retribuidos e con dedicación exclusiva nas asembleas das cidades de Ceuta e Melilla e nas entidades locais, cando desempeñe responsabilidades de órganos superiores e directivos locais, e cando desempeñe responsabilidades de membros dos órganos locais para o coñecemento e a resolución das reclamacións económico-administrativas. Exceptúase ao persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter estatal que desempeñe postos de traballo reservados ao mesmo, o cal se rexerá pola súa normativa específica, quedando na situación de servizo activo.
g) Cando sexa designado para formar parte do Consello Xeral do Poder Xudicial ou dos consellos de xustiza das comunidades autónomas.
h) Cando sexa elixido ou designado para formar parte dos órganos constitucionais, dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou das demais comunidades autónomas, ou doutros cuxa elección corresponda ao Congreso dos Deputados, ao Senado, ao Parlamento de Galicia ou ás asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas. No suposto do Consello da Cultura Galega, a situación de servizos especiais corresponderá unicamente ao presidente do órgano, no seu caso.
i) Cando sexa adscrito aos servizos do Tribunal Constitucional, do Defensor do Pobo ou do Valedor do Pobo, ou destinado ao Tribunal de Contas nos termos previstos no apartado terceiro do artigo 93 da Lei 7/1988, de 5 de abril, ou norma que o substitúa.
j) Cando desempeñe un posto de traballo de carácter directivo no Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia.
k) Cando sexa designado para asesorar aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais, do Parlamento de Galicia ou das asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas.
l) Cando sexa designado como persoal eventual para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial e non opte por permanecer na situación de servizo activo.




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 90/92 |

m) Cando, tratándose de persoal funcionario dos corpos docentes ou das escalas nas que se ordena a función pública docente, sexa nomeado para desempeñar un posto nas áreas funcionais de alta inspección de educación.
n) Cando sexa activado para prestar servizos na condición de reservista voluntario nas forzas armadas".
Doutra banda os artigos 168 e 169 da citada Lei establecen:
"Na situación de servizos especiais percibiranse as retribucións do posto ou cargo que se desempeñe e non as que correspondan como persoal funcionario de carreira, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que se teñan recoñecidos en cada momento.
O tempo que se permaneza na situación de servizos especiais compútase como prestado no posto de orixe a efectos de ascensos, recoñecemento de trienios, promoción interna e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa de aplicación, excepto no caso do persoal funcionario que ingrese ao servizo das institucións da Unión Europea ou de entidades e organismos asimilados e exerza o dereito de transferencia establecido no Estatuto do persoal funcionario das Comunidades Europeas".
"As persoas que cesen na situación de servizos especiais teñen dereito a reingresar ao servizo activo no mesmo posto de traballo que ocupen con anterioridade con carácter definitivo, se este se obtivo mediante concurso.
Cando o posto de traballo se houbese obtido polo procedemento de libre designación, o dereito ao reingreso farase efectivo nun posto de traballo axeitado ao seu corpo ou escala na mesma localidade e nas mesmas condicións e coas retribucións correspondentes á progresión alcanzada na carreira profesional, respectándose en todo caso o grao de progresión que se alcanzou naquela.
As persoas nomeadas para os postos ou cargos enunciados nas letras c) e d) do artigo 167 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia que reingresen ao servizo activo percibirán, en todo caso, un complemento de posto de traballo non inferior en máis dun nivel, ou tramo equivalente, ao que correspondese ao posto que ocupaban cando pasaron á situación de servizos especiais.
No caso de que non estivesen a ocupar un posto de traballo cando foron declarados na situación de servizos especiais, terase en conta o último posto que desempeñaron con carácter definitivo na Administración na que reingresen.
O reingreso ao servizo activo deberá solicitarse no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao do cesamento na situación de servizos especiais. O incumprimento desta obrigación determinará a declaración na situación de excedencia por interese particular.
A Administración estará obrigada a asignar un posto de traballo no prazo dun mes desde a presentación da solicitude de reingreso ao servizo activo.

IV.- CONCLUSIÓNS




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 91/92 |

Á vista do que antecede, non se observa obstáculo legal para que pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, se formule proposta para que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte ACORDO:

1º.-Manter ao traballador provincial, D Jose Manuel Blanco Vila na situación de servizos especiais polo desempeño do posto de persoal eventual como Colaborador Asesor de Alcaldía do Concello de Lugo con efectividade do 1 de xullo de 2026, data na que tomou posesión do mesmo.

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), ACORDE:

Declarar ao traballador provincial, D Jose Manuel Blanco Vila na situación de servizos especiais polo desempeño do posto de persoal eventual como Colaborador Asesor de Alcaldía do Concello de Lugo con efectividade do 1 de xullo de 2026, data na que tomou posesión do mesmo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA**

**O SECRETARIO**
**P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA,**




| | IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Fecha y Hora | 12/08/2026 16:43:15 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YG2DYAEML5P7SAASIFKU74 | Página | 92/92 |